

"A nosa Biblioteca dispón de espazos diversos para converterse no instrumento educativo para o fomento da lectura e o acceso á información e outros recursos para a aprendizaxe. Procuramos acadar o reto de favorecer a alfabetización múltiple ofrecendo oportunidades para avanzar nos obxectivos propostos e colaborar no desenvolvemento doutros proxectos do centro. Ademais do fondo de libros, dispoñemos de material adaptado para anee (LSE, autismo, TDHA), espazo maker (robots, xogos de mesa, tabletas, quebracabezas, ordenadores), zonas destinadas á lectura, a traballos, a consulta. Espazos que se axeitan atendendo á diversidade do alumnado e a distintas metodoloxías."

